



**IES Xesús Ferro Coucelo**

Rúa Ponte Sevilla 43 • 32005 Ourense  
T. 988 25 20 00 • F. 988 24 32 50  
ies.ferro.couselo@edu.xunta.es  
<http://centros.edu.xunta.es/iesferrocouselo>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**Fondo Social Europeo**  
*O FSE inviste no teu futuro*

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

**CENTRO:** I.E.S. Xesús Ferro Coucelo (Ourense)

**CURSO:** 1º E.S.O.

**MATERIA:** Educación Física

**DEPARTAMENTO:** Educación Física

**DATA:** 11-05-2020

*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

## **ÍNDICE**

<b>1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES .....</b>	<b>2</b>
<b>2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN .....</b>	<b>4</b>
2.1. AVALIACIÓN.....	4
2.1.1. <i>Procedementos</i> .....	4
2.1.2. <i>Instrumentos</i> .....	4
2.2. CUALIFICACIÓN FINAL .....	4
2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO .....	5
2.4. ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.....	5
<b>3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN) .....</b>	<b>6</b>
<b>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE .....</b>	<b>6</b>

## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Recoñece e aplica actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendacións de aseo persoal necesarias para esta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.</li> <li>▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.</li> <li>▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.</li> <li>▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno próximo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes adecuados á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.</li> <li>▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo.</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física.</li> <li>▪ EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas básicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no seu esforzo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.1. Iniciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.</li> <li>▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.</li> <li>▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas.</li> <li>▪ EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos.</li> <li>▪ EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico- deportivas de oposición ou de colaboración -oposición facilitadas, respectando o regulamento.</li> <li>▪ EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico - deportivas de oposición ou de colaboración - oposición facilitadas</li> <li>▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración- oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.</li> </ul>

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

### 2.1. AVALIACIÓN

#### 2.1.1. Procedementos

- Análise das producións e traballos do alumnado, é dicir, das tarefas escritas, orais e vídeos realizados polo alumnado.
- Probas a distancia ou presenciais, segundo sexa posible.

#### 2.1.2. Instrumentos

- Rúbricas para a valoración cualitativa dos traballos realizados.
- Probas ou traballos escritos, visuais ou orais para a obtención dunha avaliación cuantitativa das aprendizaxes do alumnado.

### 2.2. CUALIFICACIÓN FINAL

**Alumnado con dúas avaliacións aprobadas:** Para o alumnado que teña a primeira e a segunda avaliación aprobadas, realizarase a media aritmética das cualificacións destas avaliacións, e este resultado poderase incrementar ata dous puntos en función das tarefas e traballos realizados ao longo do período de confinamento.

$$\text{Nota final} = \frac{N_1 + N_2}{2} + (\text{máximo 2 puntos} - \text{tarefas non finalizadas})$$

onde  $N_1$  e  $N_2$  son as notas da primeira e segunda avaliación respectivamente.

**Alumnado con algunha avaliación suspensa:** Terase que facer algunha proba ou probas de recuperación (presencial ou telemática segundo sexa posible) que lle sirva para recuperar algunha de esa avaliación ou esas avaliacións suspensas. Unha vez realizada esta recuperación, a cualificación final obterase da mesma maneira que no caso anterior.

No caso de que, unha vez feitas as probas de recuperación, as notas das avaliacións continúen suspensas, a cualificación final obterase da media aritmética das cualificacións da primeira e da segunda avaliación, tomando sempre a máis alta (a máis alta entre a que tiña na avaliación correspondente e a que obtivo na recuperación).

### **2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO**

Coa normativa vixente está prevista unha convocatoria extraordinaria en setembro para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria ordinaria de xuño. Na data de setembro que acorde o centro educativo realizárase unha proba escrita, oral ou práctica, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superar o ámbito.

### **2.4. ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE**

No curso 2019/2020 non existe ningún alumnado con esta materia pendente.

### 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

Cada semana aproximadamente, e baixo a coordinación da dirección do centro, realizarase unha proposta de actividade nun documento onde se describan as distintas tarefas que ten que realizar o alumnado e o listado de recursos (apuntes, exercicios, enlaces, vídeos...) que se poñen á disposición do mesmo na páxina web do centro educativo.

As distintas actividades (repaso, reforzo ou ampliación) **estarán relacionadas cos estándares de aprendizaxe imprescindibles.**

A temporalización das distintas planificacións de actividades móstrase a continuación:

Período planificación	Actividades
<b>14 ao 30 de abril</b>	Actividades combinadas de repaso, reforzo e ampliación.
<b>4 ao 15 de maio</b>	Actividades de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na primeira avaliación. Se se considera oportuno, o alumnado coa primeira avaliación aprobada poderá realizar tarefas de ampliación.
<b>18 ao 29 de maio</b>	Actividades de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na segunda avaliación. Se se considera oportuno, o alumnado coa primeira avaliación aprobada poderá realizar tarefas de ampliación.
<b>1 ao 19 de xuño</b>	Probas e/ou actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa, e actividades de repaso ou ampliación para o resto.

Está confirmado que todo o alumnado matriculado na materia ten os recursos tecnolóxicos para poder continuar coa docencia da materia a distancia.

### 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Os medios de comunicación **establecidos como básicos** para comunicarse co alumnado e as familias serán dous: **a páxina web do centro e correo electrónico de cada profesor ou profesora.** Por un lado, a través da páxina web as familias e o alumnado poderán ver a planificación que o profesor ou profesora do ámbito establece, e alí poderán descargar os recursos correspondentes (apuntes, exercicios, enlaces...) ou se indicará como obtelos. Por outro lado, o profesorado pon a disposición do alumnado un correo electrónico.

A profesora da materia tamén realizará unha vez a semana con cada nivel ou grupo unha videoconferencia para resolver dúbidas sobre as tarefas plantexadas.